

Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas***III EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**III EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

A Deputación de Pontevedra e o seu Servizo de Benestar Social teñen entre as súas prioridades impulsar a igualdade de oportunidades, a solidariedade e a participación activa da cidadanía. Con este espírito, e coa vontade de poñer en valor o compromiso de persoas, entidades e proxectos que destacan polo seu labor en defensa dos dereitos humanos, de apoio aos colectivos máis vulnerables e de loita contra calquera forma de discriminación, convócase a III edición dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra.

Neste marco, os Premios Sociais da Deputación de Pontevedra consolídanse como unha plataforma para destacar a importancia da cooperación entre administracións públicas, sector privado e sociedade civil, e para apoiar e recoñecer todas aquelas persoas e entidades que, con esforzo e dedicación, contribúen á construción dunha sociedade máis igualitaria, solidaria e inclusiva, en coherencia cos valores que guían a acción da institución provincial.

Así, estes galardóns non só recoñecen o traballo xa desenvolvido, senón que pretenden visibilizar boas prácticas e exemplos de compromiso social que inspiren a comunidade e contribúan a xerar unha sociedade máis cohesionada e xusta. Ao dar a coñecer estas iniciativas, refórzase o tecido social da provincia e foméntase unha cultura baseada na colaboración, na corresponsabilidade e na defensa dos valores comúns, ao tempo que se promove a sensibilización sobre os desafíos presentes e futuros das nosas comunidades.

Desde o punto de vista competencial, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estrutúrase o sistema galego de servizos sociais en forma de rede. Nela diferéncianse os servizos sociais comunitarios dos especializados e defínense os servizos sociais como un servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, “sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega”.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e, no seu artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Por todo o exposto, a Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras da terceira edición destes premios, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento polo que se rexerá a terceira edición dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra, nas categorías establecidas na base terceira, coa finalidade de recoñecer a traxectoria, o esforzo e o compromiso no marco dos servizos sociais de persoas, entidades e proxectos que traballan no eido social.

Segunda. Finalidade

A finalidade destes premios é poñer en valor o traballo realizado na provincia en prol dos dereitos humanos e dos colectivos máis vulnerables co obxecto de promover un maior benestar social de persoas, colectivos e comunidades.

Terceira. Categorías dos premios e procedemento de concesión

Nesta edición de 2026 establécense as seguintes categorías de premios:

a) Premio a toda unha vida profesional no eido social

Recoñecemento a persoas físicas que, polas súas traxectorias profesionais, contribuísen a mellorar a atención social de grupos e persoas, así como a crear ou poñer en marcha programas, proxectos ou actividades sociais dentro da provincia de Pontevedra, e que destaquen pola súa excelencia no desenvolvemento da súa traxectoria profesional, relevancia, exemplaridade, notoriedade e mérito, co fin de construír unha sociedade mellor, máis xusta e solidaria.

b) Premio a tres entidades de iniciativa social pola súa traxectoria

Nesta categoría premiaranse entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen actividades ou proxectos cun grande impacto social na provincia de Pontevedra. Poderán optar ao galardón as entidades ou organizacións que na súa traxectoria implantasen actuacións no



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

eido social para satisfacer as necesidades da cidadanía, de grupos ou persoas en situación de vulnerabilidade social.

- Para seleccionar as entidades premiadas valoraranse os seguintes criterios:
- Estabilidade nos diversos plans, programas, proxectos e servizos que desenvolve a entidade e a súa traxectoria.
- Definición dos plans, programas, proxectos e servizos que desenvolve a entidade.
- Capacidade de manter un compromiso continuo co seu labor social e resultados ao longo do tempo.
- Sinerxías con outras entidades, administracións ou institucións.
- Innovación social na implantación das súas liñas de acción.
- Impacto e avaliación da solvencia organizativa.

c) Premio a tres proxectos ou iniciativas polo seu impacto social

Nesta categoría premiaranse tres proxectos sociais relevantes realizados por entidades de iniciativa social ou organización cun grande impacto social na provincia de Pontevedra, que introduzan enfoques ou solucións novidosas para abordar retos sociais.

Para seleccionar os proxectos premiados valoraranse os seguintes criterios:

- Análise de obxectivos do proxecto presentado.
- Enfoques ou solucións novidosas para abordar os retos sociais e problemáticas que traten.
- Relevancia e impacto do proxecto social realizado.
- Transformación social conseguida coa posta en marcha do proxecto social.
- Participación social no proxecto presentado.
- Resultados esperados e impacto vinculados aos obxectivos do proxecto.
- Rigor metodolóxico, calidade da formulación, pertinencia, factibilidade e coherencia técnica do proxecto.

De non recibirse ningunha candidatura para algunha das modalidades ou se ningunha delas obtivese a puntuación mínima necesaria para optar aos premios correspondentes, a Comisión de Valoración poderá declarar deserto algún ou todos os premios desa modalidade.

O procedemento de concesión levarase a cabo en réxime de concorrência competitiva e axustarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 8.3 da LXS.



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

Cuarta. Contía dos premios e distincións

Os premios que se convocan están dotados cun importe total de quince mil euros (15.000 €), con cargo á aplicación 26/231.2313.480.01 do Orzamento ordinario do organismo provincial. Distribuiranse do seguinte xeito:

1. Premio a toda unha vida profesional no eido social: 3.000 euros
2. Premio a entidades de iniciativa social pola súa traxectoria : 6.000 euros
 - Primeiro premio: 3.000 euros
 - Segundo premio: 2.000 euros
 - Terceiro premio: 1.000 euros
3. Premio a proxectos ou iniciativas polo seu impacto social: 6.000 euros
 - Primeiro premio: 3.000 euros
 - Segundo premio: 2.000 euros
 - Terceiro premio: 1.000 euros

Estes galardóns estarán suxeitos á retención do IRPF estipulada na lexislación vixente no momento da resolución.

O importe de cada premio pagarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa ou entidade premiada.

A Comisión de Valoración reservará o dereito a declarar deserto algún dos premios.

Quinta. Persoas e entidades destinatarias e requisitos destas

Poderán ser destinatarias dos premios as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos recollidos a continuación e que desenvolvan ou desenvolvesen actuacións nalgunha das categorías previstas na base terceira.

- Premio a toda unha vida profesional no eido social: persoas físicas que na data de publicación destas bases estean empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra.

Non se admitirán, en ningún caso, as candidaturas que se propoñan para conceder o premio a título póstumo.

- Premio a entidades de iniciativa social pola súa traxectoria: entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia, con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra.
- Premio a proxectos ou iniciativas polo seu impacto social: entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente, con sede social na provincia de Pontevedra.



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

Todas as persoas físicas ou xurídicas deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Sexta. Presentación das candidaturas

Poderán presentar candidaturas aos premios as persoas físicas e xurídicas comprendidas na base anterior para cada unha das categorías propostas; tamén poderán facelo, a favor de terceiras persoas, as e os profesionais do sector social, as entidades do terceiro sector de acción social e outras entidades públicas ou privadas. Só se poderá presentar unha candidatura por persoa física ou xurídica.

As candidaturas presentadas por terceiras persoas deberán contar coa autorización previa das persoas ou entidades candidatas, coa finalidade de protexer os seus dereitos e evitar situacións de representación inadecuada ou non consentida.

As candidaturas aos premios presentaranse preferentemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das candidaturas a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

As persoas físicas e entidades non obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 14 da LPACAP, poderán optar pola presentación presencial da solicitude en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, empregando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da institución provincial. Unha vez cuberto, o formulario xerárase en formato PDF, que deberá imprimirse, asinarse e presentarse presencialmente.

As persoas e entidades obrigadas a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, conforme o artigo 14.2 da LPACAP, deberán presentar a solicitude e a documentación complementaria exclusivamente por medios electrónicos, e non será válido facelo de forma presencial.

Sétima. Candidaturas excluídas

Quedan excluídas do concurso:

- As candidaturas das persoas que non cumpran os requisitos establecidos na base quinta.
- As candidaturas premiadas na mesma categoría ou co mesmo proxecto en edicións anteriores destes galardóns ou premiadas noutros concursos ou certames convocados pola Deputación de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B3PBTTMMETXT6ZEG



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

- As candidaturas presentadas a máis dunha categoría nesta edición.
- As candidaturas presentadas que non reúnan as características establecidas para a súa categoría.
- Os proxectos presentados fóra de prazo.

Oitava. Prazo para presentar candidaturas

As candidaturas presentaranse no prazo de dous (2) meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas candidatas.
- NIF das persoas representantes, no seu caso.
- Certificado de residencia das persoas físicas candidatas.
- Domicilio fiscal no caso das persoas xurídicas.
- Consulta da vida laboral para as persoas físicas que opten ao premio a toda unha vida profesional no eido social.

Se as persoas ou institucións interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo marcando o cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas ou entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación segundo a categoría

Premio a toda unha vida profesional no eido social

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación en formato PDF:

- Memoria da traxectoria profesional no ámbito social, que deberá incluír, de maneira estruturada e detallada, os seguintes aspectos para a súa valoración pola Comisión de Valoración:
 - a) Ámbito de actuación da carreira profesional e perfil profesional. Deberá indicarse se a traxectoria se desenvolveu en entidades de iniciativa social, entidades do sector privado sen ánimo de lucro ou no sector público. Así mesmo, especificaranse as funcións desempeñadas, os colectivos atendidos e o contexto territorial no que se realizou a actividade, facendo especial referencia á provincia de Pontevedra.



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

- b) Anos de experiencia e dedicación no ámbito social.
- c) Participación en plans, programas, proxectos ou actividades sociais complementarias na provincia de Pontevedra.
- d) Relación de recoñecementos, premios ou mencións recibidas ao longo da súa carreira profesional en relación co ámbito social.
- e) Reflexión sobre a súa exemplaridade, notoriedade e mérito co fin de contribuír a unha sociedade mellor, máis xusta e solidaria.
- f) Relación de artigos publicados en revistas especializadas, investigacións realizadas, relatorios impartidos, estudos elaborados, libros ou capítulos de libros relacionados co ámbito social.
 - Autorización expresa para presentar a candidatura ao Premio a toda unha vida profesional no eido social.
 - Certificado de número de conta bancaria.

Esta deberá ter unha extensión máxima de cinco páxinas a unha cara, con fonte Century Gothic de tamaño 11 e entreliña de 1,5. Deberá incluír unha imaxe da persoa candidata que poida ser utilizada na gala de premios. Poderanse incluír ligazóns de referencia a webs e vídeos.

Premio a unha entidade de iniciativa social pola súa traxectoria

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación en formato PDF. A documentación non presentada coas solicitudes, así como os aspectos que non estean debidamente xustificadas, non formarán parte da valoración da comisión.

- Ficha da entidade proposta, na que se recollan os seguintes aspectos:
 - a) Revisión histórica da entidade, na que se inclúa a descrición da súa traxectoria, a singularidade dos plans, programas, proxectos e actuacións desenvolvidas ao longo do tempo e o seu grao de innovación no ámbito de intervención.
 - b) Resultados acadados e impacto xerado, con detalle dos efectos reais das actuacións na provincia de Pontevedra, especialmente no que respecta á atención e satisfacción das necesidades sociais detectadas.
 - c) Sinerxías e colaboracións, con referencia ás relacións establecidas con outras entidades, organismos ou institucións públicas e privadas, así como ao valor engadido derivado destas cooperación.
 - d) Definición dos plans, programas, proxectos e servizos que desenvolve a entidade.
 - e) Argumentación dos méritos da entidade, que inclúa unha exposición razoada e fundamentada de que reúne os requisitos e valores necesarios para merecer o recoñecemento e a concesión do premio nesta categoría.

Esta documentación deberá ter unha extensión máxima de dez páxinas a unha cara, con fonte Century Gothic de tamaño 11 e entreliña de 1,5; nela poñeranse en valor os aspectos máis relevantes da entidade. Deberá incluír unha imaxe da entidade participante que poida ser



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

utilizada na gala de premios. Ademais, poderanse incluír ligazóns de referencia a webs e vídeos que exemplifiquen o seu labor.

Premio a un proxecto ou unha iniciativa polo seu impacto social

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación en formato PDF:

- Ficha do proxecto proposto, que deberá recoller os seguintes aspectos:
 - a) Entidade que executa o proxecto social.
 - b) Datos básicos do proxecto: denominación oficial do proxecto, datas de inicio e de finalización previstas ou efectivas, duración total e delimitación do ámbito territorial no que se desenvolve, especificando os concellos, comarcas ou áreas xeográficas de intervención.
- Breve descrición:
 - a) Obxectivos xerais e específicos do proxecto de forma detallada.
 - b) Resultados esperados e impacto vinculados aos obxectivos.
 - c) Enfoques ou solucións novidosas para abordar os retos sociais e problemáticas que tratar.
 - d) Colectivo destinatario. Participación social no proxecto presentado.
 - e) Impacto social. Transformación social conseguida coa posta en marcha do proxecto social.
 - f) Metodoloxía empregada, calidade da formulación, pertinencia, factibilidade e coherencia técnica do proxecto.
 - g) Grao de innovación e creatividade.
 - h) Sinerxías e colaboracións, con referencia ás relacións establecidas con outras entidades, organismos ou institucións públicas e privadas, así como ao valor engadido derivado destas cooperación.
 - i) Aprendizaxe da experiencia e conclusións.

A documentación complementaria deberá ter unha extensión máxima de dez páxinas a unha cara, con fonte Century Gothic de tamaño 11 e entreliña de 1,5; nela poñeranse en valor os aspectos máis relevantes do proxecto. Deberá incluír unha imaxe deste ou da entidade participante que poida ser utilizada na gala de premios. Ademais, poderanse incluír ligazóns de referencia a webs e a vídeos que exemplifiquen o seu labor.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e solicitar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. Estas deberán manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B3PBTTMMETXT6ZEG



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

As notificacións efectuaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante este procedemento poderán efectuarse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderanse empregar sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderanse descargar para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Procedemento de concesión e resolución do procedemento

O procedemento de concesión dos premios será o de concorrência competitiva previsto no artigo 22 da LXS, conforme os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos que se sinala no artigo 8.3 da devandita lei.

O procedemento de concesión atenderá ao recollido na LXS e no seu regulamento de desenvolvemento, coas características establecidas nestas bases reguladoras.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B3PBTMMETXT6ZEG



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

A instrución do procedemento corresponderalle á xefa do Servizo de Benestar Social. A concesión aprobaraa o órgano competente, logo da fiscalización da Intervención.

A resolución derivada da decisión da Comisión de Valoración farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, unha vez entregados os premios, nun acto público que terá lugar no primeiro trimestre do 2027. Así mesmo, tamén se publicará en www.depo.gal. Ambas as publicacións expresarán o réxime de recursos correspondente.

Décimo cuarta. Comisión de Valoración

14.1. A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta da Comisión de Valoración nomeada polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

14.2. Esta comisión estará integrada por representantes da Deputación e por profesionais externas e externos en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

14.3. A Comisión de Valoración poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningunha das candidaturas presentadas ao concurso reúne os méritos suficientes para ser galardoada. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios ex aequo e dividir o importe correspondente entre as persoas e entidades gañadoras, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que quedasen desertas.

14.4. Na composición da Comisión de Valoración procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Esta composición farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) tras rematar o prazo de presentación de candidaturas.

14.5. As persoas integrantes da Comisión de Valoración percibirán as axudas de custo correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte unha acta, nas mesmas condicións que os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.^a.2.b do Orzamento da Deputación de Pontevedra de 2026.

Á súa vez, percibirán os gastos de desprazamento que legalmente puidesen corresponderlles, se así o solicitan. Estes estímanse nun total de cincocentos euros (500 €) e serán a cargo da aplicación orzamentaria 26/231.2311.226.06.

14.6. As decisións da Comisión de Valoración son inapelables.

Décimo quinta. Acto de entrega dos premios

Estes premios entregaranse nun acto público, convocado para tal fin, no que se poñerán en valor a traxectoria da persoa premiada e o papel destacado das entidades premiadas.

Notifícaranse coa suficiente antelación a data e mais o lugar de realización da entrega dos premios.



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B3PB1MMETXT6ZEG

